
Aula Virtual de Extensión Pesqueira

- Actualizado (19.09.2005)

A Consellaría de Pesca, a Universidade de Santiago e o Centro de Supercomputación de Galicia porán en marcha o Aula Virtual de Extensión Pesqueira dirixida aos profesionais do sector pesqueiro a través de Internet. As tres institucións firmaron o pasado 28 de novembro un acordo de colaboración para incluír material didáctico da Consellaría nun servidor do CESGA.

Este sistema ten por obxectivo facilitarlles o acceso a programas formativos aos traballadores do sector pesqueiro.

Na primeira fase de desenvolvemento deste acordo de colaboración, ofreceranse cursos de patrón local de pesca e de patrón costero polivalente.